CONCELLO DE SANTIAGO

COMPOSTELA ABERTA

PROPOSTAS DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA RESCATAR E REVITALIZAR O PEQUENO COMERCIO, RESTAURACIÓN E PEMES DE SANTIAGO FRONTE A CRISE DO CORONAVIRUS

O pasado 16 de marzo o grupo municipal de Compostela Aberta presentou unha serie de propostas e medidas concretas para combater a crise do coronavirus COVID-19, algunhas delas para a súa aplicación inmediata, desde o punto de vista sanitario, e outras formuladas a curto-medio prazo e enmarcadas dentro dun **Plan de Rescate Social.** Neste marco, e co obxectivo de facer fronte a crise que están a padecer, e previsiblemente seguirán padecendo, o comercio local, a restauración e as PEMES, o Concello de Santiago deberá apostar por medidas que axuden á sustentabilidade e continuidade destas empresas, especialmente dos pequenos comercios, de proximidade e de calidade, que son os que constrúen vida de barrio e axudan a fixar poboación e a singularizármonos.

Necesitamos impulsar medidas de rescate que protexan ao noso comercio tradicional e de proximidade, que sexan revitalizadoras, e que promovan a súa diversidade. Así se propón xa no "Plan estratéxico do comercio do Concello de Santiago de Compostela 2017-2021". **Partindo da necesidade do diálogo permanente cos axentes económicos e sociais da cidade -asociacións de comerciantes e de restauración, entre outras-** as primeiras medidas urxentes que propoñemos desde o Grupo Municipal de Compostela Aberta para rescatar o pequeno comercio, a restauración e as PEMES son:

1. **Optimizar a actividade económica municipal.** O Concello de Santiago é un dos principais motores económicos da cidade, e compre agora optimizar e axilizar todos os procedementos de contratación e tesouraría para inxectar liquidez no tecido empresarial local:

    a. **Axilizar o pagamento a provedores**. Para non prexudicar a liquidez dos prestadores de servizos, obras ou subministracións do Concello, que na súa maioría son PEMES

    b. **Garantir a continuidade de todos os contratos públicos**. Seguindo o obxectivo de garantir a liquidez a todas as empresas concesionarias provedoras de servizos ao Concello de Santiago, e coa prioridade de manter os postos de traballo, o Concello elaborará un decreto para garantir a continuidade de todos os contratos públicos e, á vez, garantir a compensación daqueles que non se poidan prestar, a condición de que haxa mantemento do emprego e non regulacións non acordadas.

2. **Oficina Tributaria de atención cidadá e asesoramento pola crise da COVID-19.** Adaptación da actual oficina tributaria para asesorar a empresas, con especial atención ao pequeno comercio, e particulares sobre as medidas de flexibilización e exencións fiscais municipais:

a. **Flexibilización e Modificación do calendario fiscal** ampliando o período de pagamento de impostos e taxas e facilitar o seu pagamento vía fraccionamento dos mesmos, abrindo a posibilidade realizar plans individualizados de adiamento e/ou fracionamiento dos tributos para cada cidadán ou empresa, en función de cada situación. Poderase aprazar o pago de todos os tributos, previa solicitude, sen intereses nin recarga durante todo o ano 2020.

b. **Retorno da taxa polo uso privado do dominio público, entre outras a das terrazas** da restauración, a aquelas outras actividades que se desenvolvan ocupando a vía pública, correspondente aos días nos que a súa actividade se tivese que suspender pola loita contra o coronavirus. Nos casos nos que aínda non se pagara a taxa, procederase á redución da parte proporcional. Ademais, facilitaranse adiamentos e fracionamento de pagos a todos os negocios que o soliciten, sen recarga. Nun segundo momento, pasada a primeira fase de medidas urxentes, será preciso estudar medidas económicas para permitir ao sector da restauración compostelá axustar a demanda de espazo público ás necesidades reais, debido á importante caída do consumo.

c. **Exencións do cobro do prezo público da recollida de residuos** comerciais e industriais nos establecementos -comercios, establecementos de restauración, autónomos e empresas- que se viron obrigados a pechar durante o estado de alarma.

d. **Exencións no pago da concesión administrativa** polo uso de locais e establecementos propiedade do Concello.

Acompañando a estas medidas e para darlles difusión ás mesmas, realizarase unha **campaña de información e difusión entre a cidadanía** en xeral e entre o tecido comercial en particular.

3. **Impulsar un Plan de Choque para o comercio local** de Santiago, destinando 1 millón de euros a liñas de axudas específicas para o mantemento do emprego e reactivación da actividade comercial ao remate do estado de alarma.

   a. **Fondo de emerxencia para manter o emprego,** ao que se dedicarán 700.000 € nos 6 meses seguintes ao levantamento do estado de alarma. Esta axuda estaría destinada ao mantemento da actividade, ao emprego e ao apoio de gastos como alugueiro, pagamentos a provedores, impostos, cotas como a de autónomos e o mantemento de créditos.

   b. **Accións de fidelización do comercio local,** destinando un mínimo de 300.000 euros en bonos-promoción, para crear estratexias que permitan manter a clientela e construír vínculos emocionais entre comerciantes e veciñanza a partir de incentivos para a compra e consumo no comercio local. Esa cantidade beneficiará tanto ao comerciante local como ás familias, estimulando a compra no comercio local.

4. **Deseño dun Plan de Dinamización do comercio de Santiago** que favoreza o comercio local tradicional, de proximidade e consumo responsable, que permita alongar as medidas de

discriminación positiva nos próximos anos e que o promovan e sirvan para a apertura de novos establecementos deste tipo:

a. **Creación inmediata do Observatorio do Comercio de Santiago** que permita un mellor coñecemento e acompañamento destes establecementos comerciais, de xeito rigoroso e sitemático favorecendo o deseño de políticas públicas futuras que garantan a súa preservación e diversidade.

b. **Ordenanza reguladora para a protección do comercio tradicional e de proximidade de Santiago** que recolla a posibilidade de decretar unha moratoria na abertura de tendas de *souvenirs* para turistas no ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica PE-1

c. **Plan urxente de actualización e formación.** Con dúas liñas basicas de potenciación das novas tecnoloxías na venda e xestión comercial, e outra para ofrecer a formación gratuíta e necesaria para aumentar a competitividade do pequeno comercio.

d. **Promoción dun consumo social e ambientalmente sustentable**. Dentro da mudanza de paradigma que a saída desta crise debe achegar debemos penalizar o consumo depredador e promover un consumo responsable, a través de campañas de concienciación xeral e sensabilización continua. Un novo modelo de consumo que promova á súa vez un modelo de cidade no que os barrios e parroquias sexan o centro neurálxico da vida da veciñanza. Visibilizando a oferta de comercio de proximidade, apostando polo produto local e tamén sensibilizando ao comercio local nas boas prácticas.

5. **Instar ao Estado a permitir que o superávit municipal se destine á loita contra a crise e os efectos do COVID-19.** Proporemos que o Concello de Santiago inste ao goberno español a modificar a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, coñecida como *Lei Montoro*. Proporase unha modificación lexislativa para que os gastos realizados polas entidades locais destinados á loita contra o COVID-19 non computen a efectos da regra de gasto e de capacidade de financiamento, e que se poidan financiar con cargo no remanente de tesouraría resultante da liquidación do orzamento. Este remanente deixaría de ter como finalidade preferente a amortización de débeda anticipada, tal como está previsto actualmente nesta Lei, sempre que a entidade local atendera as amortizacións ordinarias, como é o caso do Concello de Santiago. Así non se vería diminuída a capacidade municipal para novos investimentos financieramente sustentables.

É o tempo da solidariedade, de preservar o traballo, de coidarnos e de coidar aos máis febles, da cooperación entre institucións e entre todas as formacións políticas democráticas, e de continuar no acompañamento, sempre, das orientacións das autoridades sanitarias e a comunidade científica.

Superaremos este momento unidas.

Santiago de Compostela, 27 de marzo do 2020